

40 | XORNAL DE GALICIA |
SÁBADO, 3 DE OUTUBRO DE 2009

CULTURA

EUSKADI,

Os escritores en lingua galega estarán nos encontros Galeusca

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Euskal Idazleen Elkarte (EIE) e a Asociació d'Escriptors en Llengua Catalana (AELC), participarán a partir do 9 de outubro en Euskadi nos XXVI Encontros Galeusca. Segundo a AELG, ao longo destes anos os encontros Galeusca serviron para "poñer en común información sobre temas puntuais" e "afondar en cuestiós que teñen que ver coa literatura, no más amplio sentido do termo". Así mesmo, nas reunións, os participantes tiveron a ocasión de coñecer *in situ* a situación das tres linguas en ámbitos "onde o seu estatus legal e sociolingüístico é moi distinto". EP